

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS PARA OS CURSOS DE ESO

Normas e indicacións para a súa realización:

- Cada alumno realizará por avaliación un traballo de investigación dos propostos polo departamento
- A realización do traballo é persoal e obrigatoria
- En cada avaliación se lle propondrán ó alumnado 4-5 científicas/os sobre as que investigar, das cales debe escoller unha opción.
- A profesora que imparte no grupo, porá no taboleiro de aula un guión coas cuestións que deben aparecer no traballo.
- O alumnado entregará a súa investigación no prazo establecido pola profesora, que non será inferior a un mes.
- O traballo supón ata un 10% da cualificación final do alumnado.
- A presentación do traballo contará para a cualificación do mesmo, podendo aparecer fotografías, esquemas, gráficos, debuxos ...
- O alumnado de 1º eso e 2º eso entregará o traballo en papel e escrito a man, no caso dos cursos de 3º eso e 4º eso acordarán coa súa profesora a posibilidade de entregalo noutro soporte.

Asinado: a xefa de departamento

2.1.1. VIDA DE OLIMPIA VALENCIA

- Data e lugar de nacemento.
- Os seus primeiros anos: familia, estudos realizados e lugar onde os realizou. Respecto de a súa licenciatura: como foi o seu expediente académico?
- Onde e como exerceu a súa profesión?
- Que postura adopta en 1931 e 1936 ante os acontecementos políticos?
- En febrero de 1937 foi detida acusada de "roja". Que consecuencias tivo este feito na súa carreira?
- Dúas institucións viguesas deben a súa fundación a esta muller, cales?
- Data e lugar da súa defunción.

2.1.2. INVESTIGA

- Outras moitas mulleres galegas destacan no desenvolvemento das ciencias en Galicia, por exemplo: Ángeles Alvariño, Jimena Fernández de la Vega, Ángeles Pardo Celada, Paz parada Pumar, Olga Moreiras Tuny... Fai unha pequena investigación de cada unha delas, indicando a súa data e lugar de nacemento e defunción e o seu mérito profesional

2.2.1. VIDA DE GERTRUDE BELLE ELION

- Ano e lugar de nacemento
- Estudos realizados.
- Que feito ocorrido na súa familia a influenciou para estudar ciencias?
- Descubre, en solitario ou en colaboración con George H. Hitchings, novos e innovadores fármacos para o tratamento de diversas patoloxías. Indica seis destes fármacos e cal é a súa utilidade.
- Que premio recibe en 1988 en recoñecemento ao seu traballo? Que fai coa aportación económica que lle corresponde?
- Data e causa da súa morte.

2.2.2. INVESTIGA

- Que é a leucemia? - Que é a gota? - Que é a malaria?
- Que é o AZT? Para que se utiliza? Como se relaciona este medicamento con Gertrude Elion?

2.3.1. VIDA DE ROSALYN SUSSMAN

- Lugar e data de nacemento
- Estudos realizados
- Como se desenvolveu a súa carreira profesional?
- Que importante descubrimento lle vale o Premio nobel de Medicina? En que ano? Para que se utiliza o seu descubrimento?
- Esta muller foi "primeira" en realizar ou conseguir moitos logros, investiga que catro recoñecementos foi a primeira muller en lograr.
- Data, lugar e causa do seu falecemento.

2.3.2. INVESTIGA

- Rosalyn Sussman foi a primeira muller en obter o premio de Investigación Médica Albert Lasker. En que ano o recibiu?
- Tamén foron galardoados con este premio, entre outros, Georgios Papanicolaou, Robert C. Gallo e Luc Montagnier , Barry J. Marshall e John Charnley por aportacións importantes na práctica médica. Cal foi a causa de recibir este premio en cada caso?

2.4.1. VIDA DE ANNA VEIGA

- Lugar e data de nacemento
- Estudos realizados e onde os realizou - Que postos ocupa na actualidade?
- Que anécdota relata Anna Veiga para explicar porque se iniciou na fecundación asistida?
- Ten un amuleto especial: un erizo de cristal de Swarovsky, regalo de Dolors Perea e Ricard Sánchez en 1984. Que supón esta data para os tres? Investiga esta historia: as dificultades, o traballo, os resultados, a súa importancia para a ciencia ...
- Da fecundación asistida pasou a traballar coas células nai: en que consiste este traballo? Que tratan de conseguir os científicos gracias ás células nai?
- O ESHRE, é dicir, a Sociedade Europea de Reprodución Humana e Embrioloxía, actualmente está presidido por Anna Veiga. Cales son os obxectivos desta asociación?

2.4.2. INVESTIGA

- Que relación existe entre o científico británico Robert Edwards e Louise Brown? Que premio recibiu Robert Edwards? Cando? Por que?
- Que é a clonación terapéutica? Que utilidades pode ter?